

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

|                   |   |
|-------------------|---|
| <b>EXPEDIENTE</b> | 2024030651  |
| <b>ASUNTO</b>     | Aprobación expediente para a adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade, propiedade da Deputación de Pontevedra. |
| <b>TRÁMITE</b>    | Aprobación de expediente  |

PMC/jrf

**A Deputada Delegada da Área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN,**

A Finca Mouriscade é un centro de investigación e análise agrogandeiras pertencente á Deputación de Pontevedra que ten como obxectivos principais mellorar a saúde, a alimentación e a calidade xenética do gando; ademais de darlle servizo ao sector. Ao ter estes animais prodúcese leite que non é posible almacenar, ao ser un produto perecedoiro, nin transformar nas instalacións do centro, polo que é preciso comercializala como calquera explotación convencional. Así, a súa comercialización posibilita unha fonte de ingresos para o erario da entidade. O carácter patrimonial do leite cru, que sendo titularidade desta entidade local non está destinada directamente ó uso público, ao exercicio de ningún servizo público de competencia local nin ao aproveitamento polo común dos veciños, permite polo tanto o seu alleamento. Ata o 31 de marzo do ano 2015 a produción e venda de leite estaba suxeita ás restricións propias da denominada "cota láctea" que ven definida pola cantidade máxima de Kg teórica que cada explotación pode vender. Este procedemento de venda aseguraba a recollida en orixe. Cos posteriores cambios normativos e co Real Decreto 95/2019, de 1 de marzo regúlanse unhas novas condicións na contratación e venda de leite, así no artigo 4, establécese, como obrigatorio a súa formalización por escrito e que a proposta inicial do contrato debe ter unha duración mínima dun ano, para a subministración de leite cru. Por todo o sinalado é preciso realizar un procedemento de alleamento de bens mediante poxa pública para a venda de leite cru .

A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Por este motivo, mediante Providencia de Inicio emitida con data 12 de maio de 2024, a Xefa do Servizo de Medio Ambiente, coa conformidade do Deputado Delegado, solicita que se proceda a realizar os trámites oportunos para a adxudicación do leite cru producido pola gandería da finca por ser esta un produto perecedoiro.

Vista a memoria xustificativa elaborada polo Servizo de Contratación con data 06/06/2024, no que determina a natureza xurídica do contrato e xustifica no expediente a elección do procedemento, sendo este o da poxa pública para o alleamento do ben.



Para a determinación do réxime da poxa pública, tívose en conta a natureza do ben, que por tratarse dun ben patrimonial, de carácter perecedeiro, non afecto a uso ou servizo público, lévase a cabo en aplicación do artigo 79 da lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme aos termos e requisitos establecidos neste texto legal.

A poxa pública para o alleamento do leite terá unha finalidade lucrativa para a Deputación de Pontevedra, para o cal, o/a adxudicatario/a deberá realizar unha liquidación mensual á institución provincial que dependerá da cantidade de leite cru recollida. O importe mensual a pagar á Deputación será a diferenza de restar ao prezo correspondente aos litros de leite cru recollidos as primas e descontos correspondentes. O importe de licitación é o que resulta da seguinte fórmula:

$$P = 70\%(P\_base \pm \text{primas e descontos}) + 30\%(P\_observatorio \pm \text{primas e descontos})$$

Sendo o  $P\_observatorio = \text{"euros/KG manteiga"} + \text{"euros/KG LP 1\%"} - G.P.T.$

En onde os G.P.T. son os gastos de produción e transporte nos que incorre a industria para transformar o leite cru en manteiga e en leite en po.

En onde os G.P.T. son os gastos de produción e transporte nos que incorre a industria para transformar o leite cru en manteiga e en leite en po.

Co fin de establecer un límite no importe a descontar por G.P.T e unha vez revisadas as condicións de mercado, establécese que o G.P.T. non pode ser superior a 1,20 €/KG. Quedando redactada a fórmula da seguinte maneira:

$$P\_observatorio = \text{"euros/KG manteiga"} + \text{"euros/KG LP 1\%"} - G.P.T. \text{ (En onde } G.P.T. \leq 1,20 \text{ €/KG).}$$

Resultando que polo Servizo de Contratación se elabora o proxecto do prego de condicións básicas que rexerán neste procedemento.

Resultando que a Secretaría Xeral informa favorablemente o proxecto de prego de condicións con data 23/05/2024

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención con data 04/06/2024.

Por todo o exposto, por Resolución da Presidencia número 2024002173, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024, delegáronse na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,



**RESOLVO:**

**1.- Aprobar o expediente** para levar a cabo a "Adxudicación, mediante poxa pública do Alleamento do leite cru producido pola gandeiría da Finca Mouriscade, propiedade da Deputación de Pontevedra", polos seguintes prezos unitarios mínimos:

Así o prezo de venda de leite de cru determínase a partir dun prezo base, por volume, por calidade, máis unha parte referencia ao observatorio de prezos da UE, xunto cas primas e descontos, como segue, tal e como se establece no prego administrativo:

**Prezo liquidación mensual = P ± primas e descontos**

Neste importe inclúense tódolos custos directos e indirectos derivados do mantemento do tanque que correrán por conta da empresa adxudicataria.

O lugar de frecuencia diaria de recollida será no enderezo Deputación de Pontevedra Finca Mouriscade Vilanova S/N 36515 Lalín – Pontevedra

**2.- Aprobar os pregos** que rexerán neste procedemento, que constan no expediente, e que foron asinados dixitalmente co código seguro de de verificación S149HB3UWTM4ZREY.

**3.- Nomear responsable do contrato** á xefatura do Servizo da Finca Mouriscade ou á persoa na que delegue.

**4.-** Unha vez formalizado o contrato de compravenda, **o ingreso correspondente será contabilizado no concepto de ingreso 24/410.364.00** (Vendas de leite) do vixente orzamento provincial.

**5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación**, concedendo un prazo para a presentación de ofertas, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: **10 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.**

(Firmado dixitalmente á marxe)

*Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

